

Á MESA DO PARLAMENTO

A deputada **Eva Solla Fernández**, e os deputados **Xabier Ron Fernández**, **Ramón Vázquez Díaz**, **Juan Manuel Fajardo Recouso**, **Antón Sánchez García** e **Xosé Manuel Beiras Torrado**, do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA), ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, referida ás demandas dos farmacéuticos inspectores da Saúde Pública e os controis sobre a calidade das augas de Galicia.

Exposición de motivos

Os sindicatos CC.OO, CIG, CSIF e UXT convocaron a partir deste mércores, día 18, folga indefinida no colectivo de farmacéuticos inspectores de Saúde Pública para reclamar á Xunta a apertura dunha mesa de negociación para acadar un acordo que evite a redución das inspeccións sanitarias e asegure que os programas sanitarios cumpran cunha periodicidade de revisións que permita garantir que os usuarios teñen unha auga en boas condicións.

Dende AGE apoiamos as reivindicacións trasladadas á Xunta e á Consellería de Sanidade polas traballadoras do corpo de inspección farmacéutica e esiximos que estas demandas sexan recollidas e atendidas, para revertir o progresivo deterioro no servizos de inspección sobre a calidade das augas de Galicia.

Denunciamos que a pesar de que no deseño orixinal do corpo de inspectores de farmacéuticos de saúde pública estableceuse unha relación de postos de traballo

de cen prazas, o máximo de traballadores habilitados en Galicia foi de 82 no ano 2008. De feito, neste 2016 o corpo é de unicamente 62 profesionais, cun número de establecementos a revisar que acada os nove mil, entre augas de traída e veciñal de colexios, torres de refrixeración, piscinas, praias, albergues do Camiño, centros de tatuaxe ou sistemas de auga quente en hoteis, hospitais ou residencias. Un dos exemplos da redución da periodicidade das inspeccións é a dos colexios do rural que teñen auga de traída veciñal ou dun pozo. No ano 2009 visitábase cada semana todos os colexios e recollíanse seis mostras ao ano en cada un. Agora fanse unha ou dúas visitas ao ano, con recollida de mostras en función do risco.

Compartimos, como non podería ser doutra forma, a reivindicación dos farmacéuticos sobre a insuficiencia de horarios e medios materiais. Constitúe unha irresponsabilidade da administración que non existan quendas de tarde, nin nos fins de semana ou os festivos, xa que complica sobre maneira a actuación en caso de alerta sanitaria e deixa á poboación desatendida. Da mesma forma, os equipos obsoletos, a ausencia de kits para determinar parámetros obrigatorios como turbiedade, ou a falla de vixilancia sanitaria fora de horario, supoñen unha agresión contra as posibilidades do corpo para prestar un servizo de inspección de calidade.

Por todo o exposto, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Ten pensado a Xunta sentarse para negociar co colectivo de farmacéuticos inspectores de Saúde Pública e atender ás súas demandas?

En Compostela, a 26 de maio de 2016.

Asinado dixitalmente por:



Eva Solla Fernández na data 26/05/2016 10:47:16

Jose Javier Ron Fernandez na data 26/05/2016 10:47:25

Ramón Vázquez Díaz na data 26/05/2016 10:47:33

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 26/05/2016 10:47:41

Anton Sánchez García na data 26/05/2016 10:47:45

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 26/05/2016 10:47:49